

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGGA Plena Inclusión Galicia) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E MELLORA DA COMUNICACIÓN COAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou con *FADEMGGA Plena inclusión Galicia* o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
 - Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e *FADEMGGA Plena inclusión Galicia*, para o desenvolvemento de actividades que teñan por finalidade a sensibilización dos profesionais do Servizo Galego de Saúde e a mellora da comunicación coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento no ámbito do sistema sanitario público galego..
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 - Dunha banda, *FADEMGGA Plena inclusión Galicia* ten por obxecto a promoción das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, carecendo de ánimo de lucro. Deste xeito, dirixirá a súa actuación á consecución, entre outros, dos seguintes fins:

- a) Representar aos seus membros ante as entidades públicas e privadas e demais organismos que se relacionan directa ou indirectamente coa problemática das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- b) Facilitar tanta información xeral ou especializada sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento estea ao seu alcance, fomentando estudos sobre o tema e recadando a colaboración das universidades galegas.
- c) Realizar campañas de divulgación e mentalización ante a sociedade.
- d) Calquera outro tipo de actividades relacionadas coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

- Doutra banda, polo que atinxe ao Servizo Galego de Saúde, un dos catro eixos estratéxicos da Estratexia SERGAS 2020 é a atención integral adaptada ás necesidades dos usuarios, pacientes, familiares e coidadores: Entre as principais liñas que o desenvolven atópanse a mellora da “consideración” e “accesibilidade” na prestación dos servizos, así como orientar a estrutura de prestación de servizos cara ás necesidades dos pacientes.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

